




# A MORTE DUNHA CANDORCA

Textos: Ismael Miján

Foto: Yosy



Varamento dunha candorca  
en Burela



# D

e cando en vez boto unha ollada a eses informes das necropsias que fixemos ós cetáceos que ían aparecendo mortos nas nosas praias, e sempre, tanto á vista como á memoria, vánseme a unha data concreta: o quinto día de abril de 2002. Ese mesmo día pola mañá recibimos un aviso da presenza dunha candorca (*orcinus orca*) aboiano nas costas de Burela. O exame preliminar non era



máis que un fatídico heraldo anunciando os horrores que o ser humano é capaz de cometer. Mentres realizabamos a autopsia membros da súa manda agardaban fóra do peirao de Burela buscando ó

seu compañeiro ó que acompañaran durante longo tempo, e é que estes animais teñen uns fortes lazos sociais e non abandonan ós seus conxéneres incluso despois de morto.

Unha femia que apenas chegaba ós seis metros

de lonxitude tiña unha serie de perforacións na rexión da mandíbula e próximo ó oído. As capacidades auditivas destes animais son especialmente sensibles, posto que o seu sistema de orientación baseábase nun sónar natural, o que para un golfinho é o son, para nós son os nosos ollos. Pero, ¿que eran esas marcas? Cando as examinamos máis de preto puidemos ver que se trataba das lesións provocadas por postas disparadas por unha escopeta de caza. Extraídos os proxectís constatamos que o tipo de munición non se vendía no noso país senón no veciño: Francia. O ver se afectado o seu sistema de orientación (chamado ecolocalización) probablemente o animal non podía alimentarse, hipótese que en certo modo foi ratificada no exame interno ó comprobar que os seus estómagos (teñen tres encargados de diferentes procesos de dixestión) estaban baleiros, con excepción dun pequeno anzó que viña probablemente nun peixe comido anteriormente. Con todo, esas non eran as únicas marcas recoñecibles externamente; eses cortes lonxitudinais... por suposto son ben coñecidos por nós: cortes de hélice. Por se fose pouco, o barco dende o que se lle dispararon pasoulle por enriba. O impacto do barco non ía quedar sen consecuencias, evidentemente. Ademais dos cortes producidos pola hélice, o golpe produciu unha hemorraxia interna no tórax (hemotórax). A cantidade de sangue que se acumulou na cavidade pleural comprimíalle os pulmóns de tal forma que a respiración facíase custosa e dolorosa.

Cunha enfermidade que arrastraba de antes, disparos, cunha hemorraxia interna, cos cortes dunha hélice sobre o seu corpo e cun anzó no seu estómago, finalmente, tras un longo período de agonía, esgotamento e inanición, o animal morreu asfixiado baixo a auga. O grao de cicatrización das súas feridas (disparos e cortes) dixéronnos que estivo morrendo durante algo máis de dez días.



**CANDORCA – Orcinus Orca**  
Nome en castelán: Orca  
Nome en Inglés: Killer Whale  
Lonxitude: 5,5 – 9,8 metros  
Lonxitude ó nacer: 2,1 – 9,8 metros  
Poboacións: Descoñecida  
Proteccións: Especie Protexida

Corpo esbelto, coa cabeza redondeada. É a única especie de cetáceo que presenta un claro dimorfismo sexual, tendo os machos unha alta e recta aleta dorsal, mentres que as femias e os exemplares xuvenís teñen unha aleta falciforme. As aletas pectorais son grandes e redondeadas. A coloración é moi contrastada entre o negro, que

predomina por todo o corpo, ata as manchas brancas do ventre e tralos ollos. A meirande parte dos exemplares teñen unha mancha grisácea trala aleta dorsal que se lle coñece como "silla de montar."

Existen dúas variedades, as migratorias e as sedentarias, as primeiras conforman grupos menos numerosos e aliméntanse sobre todo de mamíferos, as sedentarias aliméntanse fundamentalmente de peces de tamaño medio como o salmón. Distribúense por tódolos océanos do mundo dende os mares máis cálidos ata os máis fríos como a Antártida.

**MUSEO DA NATUREZA**  
Luns a venres. De 9.30 a 13.30 e de 16.30 a 20.30 horas.

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL. DELEGACIÓN DE FERROL  
Rúa Méndez Núñez, 11. 15401 FERROL  
Tlfo./Fax: 981.35.28.20  
Teléfono: 616.388.935  
sghnferrol@telefonos.es \*www.sghn.org

